



A titulación de Enxeñaría Química, establecida durante o curso 1994/95, impártese na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela. O plano de estudos vixente publicouse no BOE do 2 de Agosto de 2003.



Enxeñaría Química



Páxina Web da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

www.usc.es/etse

Correo electrónico para Consultas sobre a Titulación

etse.eq@usc.es

www.usc.es/etse

Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, Campus Sur
15782 Santiago de Compostela

O obxectivo básico da titulación é a formación de profesionais competentes, con coñecementos, metodoloxías, valores éticos e hábitos de traballo no deseño, operación ou optimización de procesos (industriais e naturais) que leven consigo a transformación de materia e enerxía en produtos útiles, sen comprometer á natureza, á seguridade ou á dispoñibilidade finita de recursos.

ORIENTACIÓNS

Ofértase a posibilidade de adquirir unha formación especializada durante os últimos dous anos de carreiras, en 3 orientacións.

- **Procesos químicos e bioquímicos:** Proporciona un coñecemento detallado dos procesos industriais que se fundamentan no uso de reaccións químicas e biolóxicas. Pódense estudar con máis detalle procesos da industria petroquímica, transformación da madeira, a industria cerámica, e os procesos biotecnolóxicos.
- **Enxeñaría Ambiental:** Abórdase o efecto dos contaminantes no medio e estúdanse as ferramentas acaídas para minimizar o impacto dos contaminantes no ambiente, centrándose no estudio de estratexias de redución de residuos e procesos de eliminación de contaminantes en augas residuais, refugallos e gases contaminados.
- **Control de procesos:** Proporciona un coñecemento máis detallado dos sistemas, as aplicacións informáticas e a instrumentación que se utiliza para controlar procesos na industria. Estúdanse estratexias de optimización de procesos, software de simulación, procesado de sinais e supervisión de procesos industriais.

SAÍDAS PROFESIONAIS

- **Enxeñeira/o de produción ou de proceso,** en empresas de procesos químicos e petroquímicos, farmacéuticos, alimentarios, biotecnolóxicos, téxtiles, ambientais, etc.
- **Enxeñeira/o de proxecto e deseño,** en empresas de enxeñaría, incluíndo aplicacións a procesos de produción, plantas de tratamento de augas residuais e residuos, etc.
- **Consultor/a,** en áreas de produción, xestión ambiental, control e prevención de riscos, etc.
- **Xestor/a ou Administrador/a,** en empresas, en áreas de organización ou dirección.
- **Técnica/o da administración,** local, autonómica ou estatal.
- **Investigador/a,** en Universidades e Centros tecnolóxicos ou nos Departamentos de I + D + i de empresas.
- **Docente,** universitario ou en centros de ensino medio.

NOVA INCORPORACIÓN

Número de Prazas (2009-2010)	Nota de Corte (2008-2009)
75	6,46

ASPECTOS MÁIS DESTACADOS DA TITULACIÓN

- Formación pluridisciplinar, impartida por docentes de varios centros da Universidade (Escola Técnica Superior de Enxeñaría e Escola Politécnica Superior, Facultades de Química, Física, Matemáticas, Economía, Medicina...) e profesionais procedentes de empresas.
- Laboratorios de prácticas ben equipados, con instalacións a escala de Planta Piloto.
- Programa de prácticas en empresas que facilita o achegamento ó mundo laboral.
- Programas de intercambio Erasmus, Alfa e Séneca que facilitan a mobilidade en Universidades Europeas, Americanas e Españolas.
- Actividade investigadora destacada con empresas e institucións.
- Cooperación co Colexio de Enxeñeiros Químicos de Galicia, que organiza diversos cursos no Centro.
- A ETSE acolle a sede en Santiago da ONG Enxeñeiros sen Fronteiras.
- Sede da aula de Enerxías Renovables da USC.
- Considerada por terceiro ano consecutivo entre as 5 mellores de España (Diario El Mundo, 2006, 2007 e 2008).

ALGÚNS DATOS DE INTERESE

Aulas de Teoría	509 postos en 6 aulas
Laboratorios de prácticas	5 laboratorios e 1 planta piloto
Aulas de Informática	2 aulas con 35 postos por aula
Biblioteca	174 postos de lectura
Número de cursos	5 cursos académicos
Duración media dos estudos*	6,4 anos
Baixa taxa de abandono†	11% (media das Enxeñarías en España 28%)
Tempo ata o primeiro emprego‡	5,5 meses
Taxa de desemprego‡	8%

* Tempo medio que tarda un estudante en finalizar os seus estudos

† A taxa de abandono indica a porcentaxe de estudantes que deixan os seus estudos.

‡ Enquisa efectuada a 157 titulados no período 1994-2004.